

AVISO LEGAL

En cumprimento da Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico, informámoslle:

- O dominio www.consorciodolouro.es é de titularidade do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro, en diante Consorcio, e trátase dunha sede electrónica posta ao dispor de todo/a usuario/a co obxectivo de fornecer información xeral sobre a actividade do Consorcio, así como dos seus diferentes servizos e xestións propias.
- O Consorcio, con CIF S-3600054-E, é unha Entidade local de carácter supramunicipal, domiciliada para os efectos da presente información en C/ Camiño da Veiga s/n C.P. 36720 Tui (Pontevedra).
- Todos os signos distintivos, marcas, nomes comerciais, contidos (textos, gráficos, imaxes, fotografías, software, links e demais contidos audiovisuais ou sonoros e códigos fonte...), estrutura, deseño e forma de presentación dos elementos e calquera outra información que apareza nesta sede electrónica son propiedade do Consorcio.
- O/a usuario/a ten prohibida a reprodución, transformación, distribución, comunicación pública e, en xeral calquera outra forma de explotación dos elementos referidos no apartado anterior sen autorización expresa do Consorcio.
- O Consorcio non asume ningunha responsabilidade derivada das conexións ou os contidos a ligazóns externas.
- O/a usuario/a absterase de empregar medios que poidan suprimir, alterar, eludir ou manipular calquera dispositivos de protección ou sistemas de seguridade que poidan estar instalados e que comporten un risco ou dano ou inutilización da sede electrónica e/o os seus contidos.
- O Consorcio non se responsabiliza do posible uso inapropiado que terceiros realicen desta sede electrónica. Os contidos proporcionados a través desta teñen carácter meramente informativo, polo que o uso que destes poida facer o usuario e as eventuais consecuencias, danos ou prexuízos que puidesen derivarse, son da exclusiva responsabilidade do usuario/a.
- O Consorcio resérvase o dereito de exercer as accións legais que considere oportunas derivadas de calquera usos ilícitos por parte de terceiros dos contidos da súa sede electrónica.